



*Nota de prensa*

Alimentos para 2.400 familias durante un ano

## **EROSKI E OS SEUS CLIENTES REPARTEN 6,5 MILLÓNS DE COMIDAS A PROL DE FESBAL E OS SEUS 54 BANCOS DE ALIMENTOS ASOCIADOS**

- 3,3 millóns de euros é o balance do doado á Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL) ao longo do 2020 grazas ás distintas campañas solidarias e ao programa de *Céntimos Solidarios*
- Os Bancos de Alimentos foron a primeira causa do programa *Céntimos Solidarios* coa que EROSKI recadou máis de 650.000 euros
- EROSKI dooules ademais alimentos por valor de máis de 3 millóns de euros co seu programa *Desperdicio Cero* a distintas entidades sociais

Elorrio, 15 de xaneiro do 2020.- [EROSKI](#) e os seus clientes superaron o seu obxectivo de recadar no 2020 o equivalente a 5 millóns de comidas, e alcanzaron finalmente os 6,5 millóns de comidas doados á [Federación Española de Bancos de Alimentos \(FESBAL\)](#) grazas ás distintas campañas do pasado ano e á posta en marcha dende novembro do seu programa *Céntimos Solidarios*. EROSKI e os seus clientes doaron un total de 3,3 millóns de euros e deron alimentado a 2.400 familias durante un ano.

O recadado a través das distintas campañas do 2020 está á disposición dos Bancos de Alimentos de cada zona para que lles poidan proporcionar produtos de alimentación e mais outros de primeira necesidade ás familias que quedaron en situación de vulnerabilidade tras a emerxencia sanitaria.

*"Amáis de sermos solidarios como organización, tal e como marcan os nosos principios, en EROSKI entendemos que debiamos canalizar a solidariedade dos nosos clientes. A súa resposta foi abafadora, tanto na campaña de primavera, coma na Gran Recollida ou no programa Céntimos Solidarios. EROSKI, ademais, achega un 7% adicional ao doado polos nosos clientes e entrega aos Bancos de Alimentos e a outras entidades sociais millóns de euros en comida a través do programa Desperdicio Cero",* afirma o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

As campañas a través das cales EROSKI quixo colaborar cos Bancos de Alimentos foron *Un Millón de Comidas*, que se puxo en marcha en primavera e coa que deu recadado e doado o equivalente a máis de 750.000 quilos de alimentos e a *Gran Recollida de Alimentos* de novembro, na que tamén se lles entregaron aos Bancos de Alimentos 1,9 millóns de euros.

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



*"Agradecemos de novo a colaboración de EROSKI con FESBAL por esta achega tan importante nun ano que foi tan difícil. Grazas a EROSKI e aos seus clientes adquirimos produtos alimenticios que posteriormente lles distribuiremos, a través das entidades benéficas coas que colaboramos, aos colectivos máis desfavorecidos e necesitados",* sinala o director xeral da Federación Española de Bancos de Alimentos, D. Miguel Fernández.

### **Céntimos Solidarios: primeira causa**

Máis de 675.000 euros recadáronse a través da primeira causa do programa *Céntimos Solidarios* que EROSKI puxo en marcha a finais do pasado ano. A través do programa, os clientes de EROSKI poden facer unha pequena doazón a unha causa benéfica ao pagaren a súa compra con tarxeta ou móbil. O donativo, sempre voluntario e confidencial, é unha cantidade fixa que cambia segundo o importe do ticket. Para as compras entre 5 e 30 euros, serán 10 céntimos e para compras superiores a 30 euros, serán 20 céntimos. A primeira causa rematou e a valoración é moi positiva.

*"Estamos satisfeitos coa resposta que tivo este programa. Aspiramos a que se converta nunha referencia para os nosos clientes. De feito, xa temos en marcha a segunda causa. Son iniciativas que foron escollidas polos nosos propios clientes e que implican a diversas entidades, dende as que traballan pola infancia ata as que loitan contra o cancro ou pola preservación do medio natural",* sinalou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI.

Dende hai uns días xa está en marcha a segunda causa social: EROSKI apoiará a [UNICEF](#), [Médicos Sen Fronteiras](#) e [ACNUR](#) nas súas campañas de vacinación infantil nos países en vías de desenvolvemento.

### **A solidariedade: eixe de EROSKI e dos seus clientes**

A situación de pandemia que estamos a atravesar puxo sobre a mesa a necesidade de ofrecer alternativas seguras e eficaces para canalizar a solidariedade dos clientes de EROSKI.

O sistema de bonos, por exemplo, utilizado na última doazón da renovada *Gran Recollida de alimentos*, desenvolvérono EROSKI xunto con FESBAL e os seus 54 Bancos de Alimentos españois asociados para facilitar a doazón aos clientes, aliviar os bancos de parte das complexidades loxísticas que estas operacións levan consigo e garantir a dispoñibilidade dos produtos necesarios en cada momento.

As achegas solidarias dos clientes súmanse ás realizadas por EROSKI a numerosas entidades sociais grazas a distintos convenios de colaboración, ao 7% adicional que suma ao doado polos clientes nas campañas de recollidas de alimentos e ao programa *Desperdicio Cero*, co que doou no 2020 máis de 3,1 millóns de euros en produtos aptos para o consumo humano que non se venden nas súas tendas.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

##### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



## **Máis de 20 anos colaborando coa Federación Española de Bancos de Alimentos e os seus 54 Bancos de Alimentos asociados**

A colaboración de EROSKI con FESBAL e os Bancos de Alimentos remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social. Naceron así ese mesmo ano as campañas *Operación Quilo* ou a *Gran Recollida de Alimentos* nas tendas EROSKI.

EROSKI foi recoñecida co "Premio Espiga de Ouro", o máximo galardón que outorga a Federación Española de Banco de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)